

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL

En Santiago de Compostela, a 6 de febreiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, segundo o disposto no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Román Rodríguez González, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Da outra, don **LEOPOLDO ROBLA ÁLVAREZ**, presidente da Asociación DOA Saúde Mental, con CIF G-36044295, con domicilio social en R/ Romil nº 84, 36211 de Vigo e inscrita no Rexistro de Asociacións da provincia de Pontevedra có número 1987-1524-1.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

2. Que a Asociación Asociación DOA Saúde Mental é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidades:

- Promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes.
- Informar, educar e concienciar sobre a saúde mental.
- Facilitar a toma de contacto e o apoio solidario entre familiares.
- Estimular aquelas iniciativas propias e alleas dirixidas a facilitar a formación e posible reinserción psicosocial das citadas persoas, cuxo estado non é incompatible coa súa reinserción psicosocial.
- A creación e permanencia de servizos de rehabilitación e laborais.
- En xeral, a protección, o coidado, a atención e o favorecemento en calquera ámbito das persoas con problemas de saúde mental, especialmente daqueles que estean en situación de incapacidade, os desprotexidos e os menores.

3. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación DOA Saúde Mental acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación DOA Saúde Mental nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

Segunda. Persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose) que recibe apoio da Asociación DOA Saúde Mental de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración da Asociación DOA Saúde Mental nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende a alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación DOA Saúde Mental colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a colaboración do persoal profesional da Asociación DOA Saúde Mental nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que contén con alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

A solicitude de colaboración do persoal profesional da Asociación DOA Saúde Mental debe realizarse por parte do centro docente e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose) escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como aos centros que escolaricen este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias. A colaboración da Asociación DOA Saúde Mental na atención ao alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose), no marco que se estableza entre o centro docente e o persoal profesional da Asociación DOA Saúde Mental poderá contemplar tanto actuacións de carácter preventivo como actuacións concretas co alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose), co seu profesorado e coas súas familias.

b) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas á intervención educativa do alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose), sobre a súa avaliación e sobre as adaptacións curriculares que se estimen necesarias.

c) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento do alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose).

Cuarta. *Colaboración do persoal da Asociación DOA Saúde Mental nos centros docentes*

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista da Asociación DOA Saúde Mental e as familias do alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose) establecerán os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización e funcionamento e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas da Asociación DOA Saúde Mental en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista da Asociación DOA Saúde Mental nos centros docentes entenderase dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender o alumnado en risco de trastorno mental grave (psicose); ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral coa Asociación DOA Saúde Mental e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sexta. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar un informe anual sobre o funcionamento do convenio.

Sétima. Avaliación dos procesos de colaboración

1. A avaliación dos procesos de colaboración establecidos entre cada un dos centros docentes e o persoal da Asociación DOA Saúde Mental deseñarase por parte da comisión mixta e nela recollerase información facilitada polo propio centro docente e polo persoal da Asociación DOA Saúde Mental.

2. Na reunión ordinaria da comisión mixta posterior ao remate de cada curso escolar analizarase a información recollida no curso anterior e elaborarse un informe ao respecto.

Oitava. Interpretación do convenio

As dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

1. Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa en vigor.

2. No caso de que durante o desenvolvemento deste convenio se puxese de manifesto a necesidade de proceder entre os asinantes a unha cesión ou comunicación de datos de carácter persoal incluídos nos seus respectivos ficheiros, farase de acordo co previsto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o

Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 do decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como na propia Lei 15/1999.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2017/18, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Lido o convenio no lugar e data indicados no encabezamento, atópano conforme, polo que o asinan en triplicado exemplar.

**Pola Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria,**

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

Pola Asociación DOA Saúde Mental,

O PRESIDENTE,

Leopoldo Robla Álvarez